

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 16/01/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 16/01/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-ene-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/4863

Dáse conta do escrito presentado por D. Victor Moledo Pereiro, solicitando autorización para instalar un posto de garrapiñada e castañas na Rúa Alcalde Rey Daviña (fronte ao establecemento ZARA).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado ata o día 28 de febreiro de 2023, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá absterse de tirar calquera tipo de residuo ao saneamento municipal.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/0058

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Capelo García, para o servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso/soporte de software de xestión enerxética para o ano 2023, por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0061

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para Órganos de Goberno e Salón de Plenos durante un ano, por un importe de 1.452 €/ano (20 botellas/mes) con cargo á partida 912.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0062

Vista a proposta Encargado de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para os distintos Servizos do Concello durante un ano, por un importe de 3.630,00 €/ano (50 botellas/mes) con cargo á partida 221.16201

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4859

Dáse conta de escrito presentado por Dona Adriana Sánchez Bestilleiro, solicitando autorización para instalar un camión exposición de 17 m. de longo os días 9, 10 e 13 de marzo dentro do desenvolvemento do programa "Coidados Porta a Porta", da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e Silman 97, sendo precisa unha toma eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado na Praza II República , debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Electricidade.

PRP2022/4862

Dáse conta de escrito presentado por D. Jaime Núñez Cores, titular da licenza de vao permanente nº 2016 (Rúa Fariña Ferreño 8), solicitando o repintado das liñas amarelas, así como

a colocación nos laterais do final de ditas liñas de bolardos que faciliten a entrada e saída de vehículos dado que estacionan vehículos ocupando parte da zona amarela, o que dificulta bastante a manobra.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o repintado da sinalización horizontal así como a colocación de fitos flexibles reflectores de cor verde, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá realizalo pola súa conta, debendo poñerse previamente en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2023/0066

solicitada autorización para a realización das obras de AMPLIACIÓN SANEAMENTO NA RÚA TORRE DE GUILLÁN é necesario aboar as taxas correspondentes á tramitación do procedemento, por un importe total de 137,30 €, co seguinte detalle:

CÓDIGO	DESCRICIÓN	IMPORTE
31.30.04	Construción en zona de policía	47,87 €
31.35.02	Fase de informe con saída a campo	89,43
	TOTAL	137,30

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento das taxas polo importe total de 137,30 € de conformidade co indicado polo Servizo de Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Delegación de Vigo, e conforme ás liquidacións emitidas, con cargo á partida 920.22501.

PRP2023/0076

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 SL para o subministro de vestiario e material de protección no traballo para o persoal do Plan Concellos - Liña 3 (29 persoas para diversos servizos do Concellos), por un importe total de 5.156,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0077

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa COPRAROSA SL para o subministro de material para reparación e mantemento de beirarrúas durante o exercicio 2023, por un importe de 11.485,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 1330.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0078

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa INTERMACO SL para o subministro de material para reparación e mantemento de saneamento e pluviais durante o exercicio 2023 (TUBOS SN4 Ø 160, SN4 Ø 200, SN4 Ø 315 E SN4 Ø 400), por un importe total de 13.723,58 € (IVE incluído), con

cargo á partida 160.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0079

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

Segundo se indica no prego de características técnicas, os servizos de soporte e mantemento serían por parte do adxudicatario durante o primeiro ano, ademais a empresa ofertou una ampliación deste servizo de nove meses a maiores dos doce esixidos no prego. Tendo en conta que a posta en marcha da aplicación foi o 1 de abril de 2020, o servizo de soporte e mantemento por parte do adxudicatario rematou o 31 de decembro de 2021. En xaneiro de 2022 o Concello contratou un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria e recadación SIT coa empresa Gestión tributaria Territorial para o ano 2023.

Segundo consta na oferta presentada pola empresa adxudicataria no proceso de licitación, unha vez rematado o prazo de garantía e mantemento o prezo deste servizo para a aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) sería de 46.000 € + IVA. En anos sucesivos aplicarase o IPC correspondente.

Para o ano 2023 a empresa aplica un incremento dun 5%, polo que presenta unha oferta de 59.650,00 € IVE incluído.

O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2023 por un importe de 59.650,00 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0087

O antivirus corporativo está instalado en tódolos ordenadores e servidores do concello, actualízase de xeito centralizado e coordinado, a súa importancia é fundamental para o funcionamento de todo o sistema informático municipal e para a salvagarda e integridade de toda a información.

O antivirus instalado actualmente na casa consistorial e no resto dos edificios municipais é o Kaspersky desde maio de 2010. O departamento de Informática inclínouse por este antivirus por obter unha avaliación media mais alta en canto a fiabilidade, detección, consumo de recursos, instalación, propagación, administración etc. unha vez estudadas varias opcións.

O mantemento inclúe unha consultoría remota de oito horas para tarefas de auditoría e mellora da

instalación.

É necesario realizar un contrato de mantemento dos antivirus xa que estes deben ser actualizados diariamente para o seu correcto funcionamento, ademais son necesarios servizos de soporte en caso de incidencias.

O mantemento ou compra do antivirus non se pode facer directamente co fabricantes senón a través dun distribuidor, neste caso Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. que foi a empresa vendedora do produto.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L. a renovación da subscripción das licenzas do antivirus corporativo municipal (Kaspersky Endpoint Security for business 220 licenzas e Kaspersky embedded system 25 licenzas) e un servizo de consultoría remota de oito horas para o ano 2023 por un importe de 6.226,96 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4616

Dáse conta do Informe do Departamento de Informática en relación coa renovación de varios servizos de mantementos informáticos, no que se indica:

1.- SERVIZO DE ALOXAMENTO E XESTIÓN DA PÁXINA WEB CORPORATIVA DO CONCELLO.

O Concello conta cun servizo aloxamento e xestión da web corporativa contratado coa empresa Ayco Internet S.L. O servizo inclúe a renovación dos dominios.

2.- SERVIZO DE ALOXAMENTO E XESTIÓN DO CORREO ELECTRÓNICO DO CONCELLO, DOS DOMINIOS DO CONCELLO E SERVIZO DE ENVÍO DE GRANDES FICHEIROS.

O Concello conta cun servizo aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo (250 buzóns), dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com e un sistema de envío de grandes ficheiros contratado coa empresa Ayco Internet S.L. O servizo inclúe a renovación dos dominios.

3.- SERVIZO DE LIMPEZA ANTIVIRUS E ANTISPAM PARA O CORREO ELECTRÓNICO DO CONCELLO.

O Concello conta cun servizo de limpeza antiVirus e antiSpam para as correos electrónicos do domino vilagarcia.es, tanto por cable como inalámbricas, contratado coa empresa Ayco Internet S.L.

O número de Spams en internet é moi elevado, grazas ao servizo anterior conseguíuse reducir moito o seu número. Recentemente apareceu un novo tipo de “Spam” os “autoSpam”, o novo mantemento incorpora un filtrado SPF para evitar os “autoSpam”.

4.- MANTEMENTO DO SISTEMA DE AXENDA COMPARTIDA BDOUTLOOK .

O Concello conta co sistema BDoutlook que permite compartir axendas de citas, tarefas e contactos dunha maneira sinxela e inalámbrica, formando grupos de traballo entre os concelleiros e traballadores municipais.

As citas, tarefas etc. pódense xestionar desde un ordenador mediante unha aplicación web ou desde a Blackberry e transmitidas automaticamente ao Outlook vía e-mail.

5.- SERVIZO DE ALBERGUE CORPORATIVO MULTI-SITE.

O Concello conta cun servizo de aloxamento web corporativo para distintos proxectos e coias seguintes características:

Técnicas: 4vCPU, 4 GB RAM, 50 GB de alta velocidade SSD, conexión a internet de 100 Mbps, S.O. Linux, monitorización de puntos críticos, revisión diarios e actualizacións de S.O. coordinadas polo concello.

Sistemas Preinstalados: servidor web Apache, Servidor MySQL 5.6 ou superior, Versión de PHP 7.0 ou superior, Mod_rewrite para URL amigables, Soporte HTTPS, Servidor PLESK instalado.

Copias de seguridade: Diaria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa AYCO INTERNET SL, dos seguintes servizos, por un importe total de 7.482,64 €, con cargo á partida 9201.22706:

1.- Un Servizo de aloxamento e xestión da web corporativa para o ano 2023 por un importe de 1.512,5 € IVE incluído.

2.- Un servizo de aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com e o servizo de envío de grandes ficheiros para o ano 2023 por un importe de 3.055,25 € IVE incluído.

3.- Un servizo de limpeza antiVirus e antiSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor para o ano 2023 por un importe de 738,1 € IVE incluído.

4.- Un servizo de soporte, mantemento da aplicación informática BDoutlook para o ano 2023 por un importe de 603,79 € IVE incluído.

5.- Un servizo de albergue corporativo multi-site para o ano 2023 por un importe de 1.573 € IVE incluído.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4618

O Concello adxudicou en X.G.L. de decembro de 2014 a compra e instalación dun cortalumes (FortiGate 140D). Consiste nun elemento de seguridade cuxa principal función é evitar que o sistema informático sexa atacado dende o exterior a través da navegación web, correos, intrusismo etc. Outra función que realiza, non menos importante, é xestionar (a nivel de seguridade e permisos) as conexións tanto cara ao exterior como en sentido contrario do concello totalmente necesarias para o funcionamento da organización como é o acceso á rede SARA.

Debido á función crítica que realiza o cortalumes, en X.G.L. de novembro de 2017 adxudicouse un segundo cortalumes xemelgo do anterior para funcionar de forma síncrona con este e en alta dispoñibilidade (activo-pasivo) coa finalidade de evitar a suspensión do servizo que provocaría o illamento do Concello encanto a comunicacións por internet.

Por todo o anterior é imprescindible un mantemento dos cortalumes, que garante o seu correcto funcionamento e actualización de software diario (totalmente necesario).

O fabricante comunica que os firewall entran en fin de vida de soporte en maio de 2023.

Solicitouse presuposto das licenzas dos dous cortalumes (FortiGate 140D) para os catro primeiros meses do ano 2023 á empresa Balidea Consulting & Programming S.L. (2.138,84 € IVE incluído), que ven realizando este mantemento de forma eficiente.

FortiGate 140D (FG140D3G13805071) cun período de licenza de 21-01-2022 a 08-05-2023.

FortiGate 140D (FG140D3G13802257) cun período de licenza de 08-01-2022 a 08-05-2023.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L. dn servizo de subscripción de licenzas

para os dous cortalumes (FortiGate 140D) por un importe de 2.138,84 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

O período é de catro meses (de xaneiro a abril do 2023) debido ao fin de vida de soporte anunciado polo fabricante para estes dispositivos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4633

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática EDItran á empresa Indra Soluciones Tecnológicas de la Información S.L. EDItran é un sistema de intercambio electrónico de datos coas entidades bancarias e outras administracións, necesario para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria SIT utilizada polo Concello.

O prazo de garantía e mantemento rematou en decembro de 2021, o Concello contratou un servizo de mantemento a partir do ano 2022.

A plataforma EDItran está instalada nos servidores do Concello, pero debido a que é necesaria para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria municipal SIT explotada en modo "cloud", o concello acordou en X.G.L. de xuño de 2021 a cesión temporal do uso da licenza de EDItran propiedade do Concello á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL SA. (GTT) durante o tempo que o concello estime oportuno.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN S.L. dn servizo de soporte e mantemento da aplicación informática EDItran para o ano 2023 por un importe de 9.251,81 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4637

As máquinas de aire acondicionado da sala de ordenadores do departamento de Informática son imprescindibles para o funcionamento de tódolos servidores e ordenadores da sala.

O sistema de aire acondicionado está formado por as seguintes máquinas: AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e KAYSUN KPC-140 HTN4 DE 14 KW, actualmente está en vigor un mantemento preventivo coa empresa MAGA coas seguintes características: unha serie de visitas ó ano, segundo a táboa da oferta, onde se levan a cabo revisións, comprobacións, verificacións etc. si é necesario substituír algún compoñente deberá abonarse independentemente do prezo do mantemento.

O mantemento tamén inclúe un prezo fixo para man de obra e desprazamento para as visitas non planificadas, é dicir, si se produce unha avaría que xenere unha visita non contemplada no mantemento deberán abonarse os compoñentes necesarios, o desprazamento (cantidade fixa de 37 € + IVE) e a man de obra (o prezo por hora de traballo será de 37 € + IVE).

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. (MAGA), CIF A-15044043 un servizo de soporte e

mantemento preventivo das máquinas de aire acondicionado AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e KAYSUN KPC-140 HTN4 DE 14 KW para o ano 2023 por un importe de 720.07 €, IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4638

No concello está en funcionamento un sistema AaaS (authentication software as a service), este sistema utilízase para poder conectar aos funcionarios que traballan fora da casa consistorial co sistema informático municipal.

Este sistema é necesario para os funcionarios que realicen teletraballo ou que traballan en edificios distintos da casa consistorial.

Debido a que estes traballadores están en oficinas externas e por motivos de seguridade, instalouse un sistema autenticación forte (AaaS) que evite as ameazas de suplantación de identidade. Este sistema está baseado en combinacións de números PIN e cadeas de seguridade (PINsafe).

Propoño que o mantemento sexa adxudicado á empresa Ozona Consulting S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA CONSULTING S.L. un servizo de soporte e mantemento de sesenta e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos para o ano 2023 por un importe de 2.752,75 € IVE incluído., con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4634

Dáse conta do informe do Departamento de Informática en relación coa renovación do servizo de soporte e mantemento das Centraliñas Telefónicas do Concello coa Empresa INSERPyme GLOBAL SA para o ano 2023, no que se indica:

1.- CENTRALITA TELEFÓNICA DA CASA CONSISTORIAL.

No concello está en funcionamento unha centralita telefónica Unify (Siemens) OpenScape Business X8 adxudicada á empresa INSERPyme GLOBAL S.A. en 2020 e posta en funcionamento o 01/09/2020. A garantía da centralita finalizou o 31/08/2021. A centralita posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPyme GLOBAL S.A.

O importe do servizo de soporte e mantemento para o ano 2023 e de 3.817,64 € IVE incluído. A facturación será trimestral.

2.- CENTRALITA TELEFÓNICA DO AUDITORIO.

No edificio do Auditorio está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens 3300, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPyme GLOBAL S.A. O importe do mantemento para o ano 2023 é de 319,44 € IVE incluído. A facturación será trimestral.

3.- CENTRALITA TELEFÓNICA DO SERVIDO DE DROGODEPENDENCIAS (SPAD).

No SPAD está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens HiPath 3350, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A. O importe do mantemento para o ano 2023 é de 373,32 € IVE incluído. A facturación será trimestral.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa INSERPYME GLOBAL SA, os seguintes servizos, por un importe total de 4.510,40 €, coa seguinte desagregación:

1.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica da Casa do Concello (Unify (Siemens) OpenScape Business X8) para o ano 2023 por un importe de 3.817,64 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22200.

2.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica do edificio do Auditorio (Hicom 3300) para o ano 2023 por un importe de 319,44 € IVE incluído, con cargo á partida 334.22200.

3.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica do SPAD (Hicom 3350) para o ano 2023 por un importe de 373,32 € IVE incluído, con cargo á partida 2311.22200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4639

No Concello está en funcionamento unha plataforma hardware que utilizan como software de virtualización VMware vSphere 5, a versión utilizada é Essentials Plus para tres hosts (con dous procesadores por host).

Este software base de virtualización é fundamental para o funcionamento dos servidores instalados en cada plataforma. A renovación do contrato de soporte e subscrición do software VMware inclúe actualizacións e arranxos de incidencias de funcionamento.

É necesario contratar o mantemento das licencias de este software tanto para o seu funcionamento como para a actualización das mesmas.

O fabricante de VMware non oferta servizos de mantemento directamente senón a través de empresas distribuidoras e instaladoras (partner), propoño que a adxudicación se faga á empresa OZONA CONSULTING S.L por ser quen realiza o mantemento do sistema (CITRIX XEN) que utiliza o software de virtualización VMware vSphere 5.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA CONSULTING S.L. un servizo de subscrición dunha licenza Basic Support Coverage VMware vSphere 5 Essentials Plus Kit para 3 hosts e unha licenza Subscription VMware vSphere 5 Essentials Kit para 3 hosts da plataforma hardware do concello para o ano 2023 por un importe de 1.246,30 € IVE incluído. Período de vixencia das licenzas de 9-1-2023 a 8-1-2024, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4642

O Concello adxudicou a finais do ano 2004 un Proxecto de Centralización de Aplicacións Mediante o uso de Tecnoloxías de Computación Baseada en Servidor (SBC), actualmente están en funcionamento 125 licenzas. O sistema proporciona escritorios remotos e centralización de aplicacións informáticas a toda a organización.

Posteriormente levouse a cabo un upgrade das 125 licenzas á versión Citrix Apps Advanced e a compra de dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX, para conexións remotas.

As licencias Citrix son críticas para o funcionamento do sistema de escritorios remotos empregado por toda a organización, inclúen solucións de calquera fallo do sistema e a instalación das actualizacións.

Propoño que o mantemento sexa adxudicado á empresa Ozona Consulting S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o mantemento da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Xen App de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA CONSULTING S.L. da renovación do servizo de subscripción de 125 Licencias Citrix Apps Advanced e de dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX para o ano 2023 por un importe de 8.641,82 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4643

Dáse conta do informe do Departamento de Infomática en relación coa renovación do servizo de soporte e mantemento das fontes de alimentación ininterrompida (SAI) do Concello coa Empresa SALICRU SA para o ano 2023, no que se indica:

1.- FONTES DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA CASA CONSISTORIAL (nº contrato 9800000515).

Na casa consistorial están instalados e en funcionamento tres sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica para o funcionamento do sistema informático municipal, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida son os seguintes:

S.A.I. UPS-50-DL, 50KVA, n/s X481-46, situación: casa consistorial.

S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 080420-T024, situación: casa consistorial, sala de máquinas.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento destas máquinas para o ano 2023 é de 5.960,24 € IVE incluído.

2.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA SALA DE ORDENADORES (nº contrato 9800000514).

Na sala de ordenadores está instalado e en funcionamento un sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc. Esta máquina terminou a garantía en novembro de 2104.

Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:

S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 232012B71624, situación: casa consistorial, sala de

máquinas.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento destas máquinas para o ano 2023 é de 1.371,81 € IVE incluído.

3.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DO AUDITORIO (nº contrato 9800000512).

No auditorio está instalado e en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

O Sistema de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:

S.A.I. UPS-8000-NX/3, 8 KVA, nº fabricación: 0039147, situación: Edificio Auditorio.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2023 é de 1.389,66 IVE incluído.

4.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) SALICRU SLC-8000-TWIN/3 PRO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E ASISTENCIA A DROGODEPENDENTES (SPAD) (nº contrato 9800000510).

Nas dependencias do SPAD está en funcionamento, desde o ano 2005, un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: SLC-8000-TWIN/3 PRO e nº fabricación 232014A70637 .

A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, software de base etc.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2023 é de 1.389,76 € IVE incluído.

5.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) SALICRU UPS-5000-NXL DO SERVIZO DE EMERXENCIAS (nº contrato 9800000511).

No servizo de emerxencias está en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: UPS-5000-NXL S/N X471-309.

A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres

de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2023 é de 898,81 € IVE incluído.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa SALICRU SA, dos seguintes servizos, por un importe total de 11.010,28 €, con cargo á partida 9201.22706:

1.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB das SAI's da casa consistorial (SAI SLC-10000-TWIN (n/s 080420-T024) e S.A.I. UPS-50-DL (n/s X481-46)) para o ano 2023 por un importe de 5.960,24 € incluído o IVE.

2.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB, da SAI da sala de ordenadores (SAI SLC-10000-TWIN, con n/s 232012B71624) para o ano 2023 por un importe de 1.371,81 € incluído o IVE.

3.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do auditorio (SAI UPS-8000-NX/3, nº fabricación: 0039147) para o ano 2023 por un importe de 1.389,66 € incluído o IVE.

4.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do SPAD (SAI SLC-8000-TWIN/3 PRO, nº fabricación 232014A70637) para o ano 2023 por un importe de 1.389,76 €. Incluído o IVE.

5.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do servizo de emerxencias (SAI UPS-5000-NXL, nº fabricación X471-309) para o ano 2023 por un importe de 898,81 €. Incluído o IVE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0090

Dáse conta do escrito presentado por D. Jaime Ponte Mittelbrunn, en representación de ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, solicitando a cesión e uso de dúas salas no Centro Sociocomunitario situado na Avda. Rosalía de Castro nº 24-Segundo andar, para o desenvolvemento das súas actividades.

A Xunta de Goberno Local acorda a cesión de uso temporal de dúas salas, sempre e cando se manteña a actividade, debendo facerse cargo da súa limpeza e correcto mantemento e deixar as mesmas libres, no caso de que se lle requira polo Concello.

PRP2023/0188

No mes de marzo de 2022 a Comunidade de Veciños do edificio Mar de Arousa, sita entre as rúas Doutor Tourón e Avda. Rodrigo de Mendoza, detectaron a presenza de hidrocarburos nas redes de drenaxe e nos subsolos e paredes dos garaxes da súa finca.

Por acordo do Pleno da Corporación do 27 de outubro de 2022, este concello comprometeuse a:

1. Poñer tódolos medios ó seu alcance para identificar a orixe do vertido.
2. Instar a outras Administracións e Organismos Públicos competentes para colaborar na búsqueda da orixe do vertido.
3. Realizar naqueles puntos do solo e subsolo público da contorna do edificio que puideran estar afectados, sondeos con toma de mostras e análise posterior para determinar a posible existencia e o nivel de concentración de hidrocarburos, a fin de garantir a non presenza de balsas soterradas que poidan continuar filtrando gas-oil ós afectados ó longo do tempo ou derivar por escorrentías directamente ao río do Con.
4. Asesorar aos veciños afectados para solucionar un problema sobrevido co fin de previr un problema medio ambiental para a cidadanía en xeral.

En cumprimento do acordo plenario, a Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2022 acordou adxudicar á mercantil HERA HOLDING HABITAT ECOLOGIA Y RESTAURACION

AMBIENTAL SL (B61540969) os traballos de visita de toma de datos e proposta de investigación de solos, en relación co vertido de hidrocarburos detectado nas rúas Doutor Tourón e Avda. Rodrigo de Mendoza, por un importe de adxudicación de 1.815,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 151.22706.

A citada empresa presenta o traballo correspondente, cunha valoración económica para "investigación exploratoria da calidade do solo e augas soterradas" por importe de 21.146,23 € (sen IVE) o que totaliza un importe, IVE incluído de 25.586,94 €.

A Empresa CODISOIL presenta orzamento para os traballos de aspiración necesarios para evitar unha contaminación localizada, seguintes:

- Actividade de dous operarios (euros/hora)

	08:00 am-20:00pm	20:00 pm-08:00 am
Luns a venres	99,00	185,45
Sábado	145,40	185,45
Domingos e festivos	185,45	216,00

- Actividade de tres operarios (euros/hora)

	08:00 am-20:00pm	20:00 pm-08:00 am
Luns a venres	125,00	206,52
Sábado	173,86	206,52
Domingos e festivos	206,52	236,03

Xestión completa augas/lodos hidrocarburos: 195 €/Tn.

Os prezos indicados non inclúen o IVE.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados, con cargo á partida 929.22699, adxudicando os traballos ás citadas empresas e repercutindo os importes aos responsables do verquido de hidrocarburos:

- A HERA HOLDING HABITAT ECOLOGIA Y RESTAURACION AMBIENTAL SL (B61540969) a realización dos traballos de "investigación exploratoria da calidade do solo e augas soterradas" por importe de 21.146,23 € (sen IVE) o que totaliza un importe, IVE incluído de 25.586,94 €.

- A CODISOIL os traballos de aspiración nos edificios afectados, debendo realizar a facturación correspondente aos servizos efectivamente prestados cando sexa precisa a súa realización.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/0068

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2022, actualizadas ao cuarto trimestre (31 de decembro de 2022), de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 311 empregados e un total de gasto de 10.013.035,46 €(anual).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/4841

Vista a proposta dos Servizos Sociais, na que se indica que, dadas as características das persoas usuarias do servizo é oportuno contratar o servizo de podoloxía como actuación complementaria ao Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por d. Pedro Lago Cascallar para a prestación do Servizo de Podoloxía para as persoas beneficiarias e usuarias do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2023, por un importe total de 10.560,00 €, con cargo á partida 231.22799 (480 sesións anuais).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2022/4808

Dáse conta do escrito presentado pola Entidade Colaboradora Zona Aberta, xustificando o aboamento aos comercios adheridos da cantidade dos 22.500 Euros transferidos polo Concello de Vilagarcía en cumprimento do convenio de colaboración asinado entre as partes para o desenvolvemento da edición de 2022.

A Entidade colaboradora solicita o ingreso da segunda aportación correspondente ao Concello, especificando que á data de presentación do escrito teñen pendente de aboar as vendas da segunda semana de bonos que vai dende o día 12 ao 18 de decembro.

A efectos de xustificar os aboamentos efectuados aos establecementos adheridos aportan extracto bancario no que se reflicten os movementos da conta entre o 5 de decembro e o 19 de decembro de 2022

Tendo en conta o exposto e vista a documentación aportada aos efectos de xustificación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Ter por debidamente xustificado pola Asociación de Comerciantes o aboamento aos establecementos adheridos da cantidade de 22.500 € transfereidos polo Concello o 13 de decembro de 2022.
- O recoñecemento de obriga e a realización da transferencia á Asociación de Comerciantes Zona Abarta da cantidade restante correspondente ao 40% do total da aportación municipal (15.000 €) en cumprimento dos termos do convenio, con cargo á partida 4311.470.

PRP2023/0032

En data 29 de decembro de 2022 pola ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS presentouse escrito solicitando a exención do aboamento da cota de participación no Mercado de Nadal 2022, por ser entidade sen fin de lucro.

A BASE OITAVA das Bases Reguladoras do Mercado de Nadal 2022 establece unha cota de PARTICIPACIÓN de 6,25 Euros/día, segundo se recolle na ordenanza reguladora de ocupación da vía pública.

A base Segunda das reguladoras do Mercado de Nadal 2022, especifica que se fará reserva dalgún posto de venda para ONGs, fundacións ou outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a fins sociais e sen fin de lucro. A pesar de que as bases non o establecen expresamente, a reserva de postos para as entidades sen fin de lucro leva implícita a exención de aboamento de taxas por ocupación da vía pública.

Por erro do departamento de Promoción Económica trasladouse ao Departamento de Rendas relación de participantes no mercado de Nadal aos efectos da liquidación de taxas, incluíndo no mesmo as entidades sen fin de lucro.

Fronte á devandita liquidación a Asociación TDAH Salnés, presenta escrito solicitando a exención do seu aboamento.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a exención de taxas solicitada pola Asociación TDAH Salnés e que se proceda á anulación da liquidación de taxas emitida.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0023

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a saída Cultural a A Coruña o vindeiro 20 de xaneiro de 2023 para asistir ao Concerto que a Orquestra Sinfónica de Galicia ofrecerá ás 20:00 horas no Palacio da Ópera, con horario de saída aproximado as 17:45 horas e horario de regreso ás 23:30 horas desa data. O grupo componse dun máximo de 55 persoas entre alumnado, profesorado acompañante e familiares do alumnado, no suposto de quedar vacantes no autobús.

Segundo.- Aprobar o gasto de 440,00 €, IVE engadido, correspondente ao aluguer do autobús para o desprazamento a A Coruña o 20 de xaneiro de 2023 á Empresa Pereira S.L., con cargo á partida orzamentaria 3261.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/0042

Vista a proposta da Concellería de Xuventude a Xunta de Goberno Local, acorda agradecer expresamente a seguintes colaboracións e patrocinios na realización da seguinte acción cultural: FESTA DA TOMA DAS UVAS 22/23

Entidade	concepto
CENTRO COMERCIAL AROUSA E HIPER FROIZ	350 kg de uvas
BAYGAR	Mallas de ocultación e vallas móbiles con pe de hormigón
PIROTECNIA PENIDE	10 tubos de confetti
ZONA ABERTA	Empaquetado de uvas e bolsas de papel
SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN	Monitoraxe
LA METRO VILAGARCÍA	10 kg de gominolas
AROUSA MOZA	Colaboración co reparto de uvas e champán
ASOCIACIÓN DE HOSTELEIROS E INICIATIVAS TURÍSTICAS DE VILAGARCÍA	3000 vasos

PRP2023/0047

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da acta dos/as premiados/as do II Concurso de Decoración Sostible de Nadal no que o xurado determinou os centros educativos gañadores do 1º, 2º e 3º premio respectivamente.

Dáse conta, así mesmo, do informe, presentado polo responsable das Redes Sociais do Concello, que recabou os votos emitidos polos usuarios/as, no período que se estableceu para tal efecto, que foi do 19 de decembro de 2022 ao 9 de xaneiro de 2023, para determinar o colexio gañador do premio Popular e conforme as bases do concurso aprobadas na XGL do 21 de novembro de 2022.

Achega os anexos, presentados polo responsable das redes sociais do concello no que se recolle, por unha banda o informe do resultado dos votos emitidos pola cidadanía, a través das redes, e por outro lado as capturas de pantalla dos votos recibidos por cada centro educativo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora dos centros gañadores:

Primeiro premio: CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro

Segundo premio: EEl de Aralde Sobrán.

Terceiro premio: Colexio Mecos Bata.

PRP2023/0055

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, do cambio de data do pasarrúas previsto para o 18 de decembro "En Concerto cos trasnos de nadal", dado que o mesmo non se levou a cabo debido ás inclemencias metereolóxicas.

A Xunta de Goberno local acorda aprobar o cambio de data para o 18 de febreiro de 2023, para a realización do pasarrúas denominado "Trad Cabaré de Entroido", mantendo o orzamento presentado pola empresa Nelson Quinteiro Producciones, por importe de 1.485,00€ (ive engadido) con cargo á partida 2314-22610.

Asemesmo acórdase a colaboración dos servizos municipais de Policía Local, Cultura e Protección Civil.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/4867

Dáse conta de Proposta das Concellerías de Servizos Sociais e Medio Ambiente para a contratación a BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. para Actuación de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2023.

Esta colaboración vense desenvolvendo dende fai anos, coa finalidade de favorecer a integración socio-laboral das persoas de espectro autista usuarias dos Centros de Bata. Bata é a única entidade de atención a persoas cos autismo en Vilagarcía de Arousa e que ademais conta cun centro especial de emprego para favorecer a integración laboral das persoas con autismo.

A contía da contratación para o ano 2023 ascende a 9.643,52 € (IVE INCLUIDO)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNDIAD SL para a actuación "limpeza, mantemento, conservación de espazos naturais de uso público e zonas verdes no entorno do Concello de Vilagarcía de Arousa durante o ano 2022", polo importe citado de 9.643,52 €, con cargo ás partidas 231.22799 (4.821,76 €) e 171.22199 (4.821,76 €)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2023/0045

Do 18 a 22 de xaneiro vaise celebrar en Madrid a Feira Internacional de Turismo, FITUR, unha das máis importantes de Europa.

O Concello de Vilagarcía vai presentar, por primeira vez, un vídeo promocional nesta feira, o xoves 19. A ese acto acudirán, ademais de representantes da vida cultural e política, unha grande cantidade de medios de comunicación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL, por un importe total de 3.000,00 €, con cargo á partida 432.22799, que inclúe:

- Previo ao evento: xestión de materiais, co equipo do stand e proba de vídeo.
- Asesoramento relativo ao acto.
- Produción de fondos de pantalla e adaptación a formatos dos vídeos a proxectar.
- Asistencia técnica en realización e rexiduría durante o acto.

O desenvolvemento do acto será

- Presentación do alcalde, 2 minutos
- Proxección de vídeo, 1 – 2 minutos
- Intervención do alcalde, 7 minutos
- Proxección de vídeo, 2 – 3 minutos

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/0052

A Área de Igualdade –CIM , a través do IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades, na liña de actuación Modelos igualitarios de convivencia propón como obxectivo “Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa como elemento fundamental para chegar ao colectivo infantil, xuvenil e adulto“

As entidades beneficiarias poderán ser centros educativos en xeral a través de departamentos concretos dos centros, profesorado de xeito específico ou ANPAS , centros educativos de réxime de ensinanza especiais ou obradoiros de emprego, todos eles financiados con fondos públicos.

O importe do Premio é de 1500,00€ repartidos en tres premios de 500,00€ cada un.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e o orzamento do "XVII Premio para a Igualdade de Xénero. Boas Prácticas na Escola", por un importe total de 1.500,00 €, con cargo á partida 2312.48100.

CULTURA

PRP2022/4851

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2023, por importe de 2.687,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/4805

Con data 30 de novembro de 2022 apróbase o expediente de contratación e os pregos que rexen a licitación denominada “Reparación de estrutura, substitución de cuberta, mellora da envolvente e acondicionamento interior do Pavillón de Fontecarmoa”.

O 30 de novembro de 2022 publicáronse, na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación e os pregos, abríndose o prazo de presentación de ofertas.

Unha vez rematado o citado prazo de presentación, comprobouse que non foron presentadas ofertas por ningún licitador.

Polo exposto, procede a aplicación a sensu contrario do artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece que “el órgano de contratación no podrá declarar desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego”.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar deserta a licitación denominada “Reparación de estrutura, substitución de cuberta, mellora da envolvente e acondicionamento interior do Pavillón de Fontecarmoa”, ao non presentar oferta ningún licitador.
- 2.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación del Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/4769

Con rexistro de entrada número WEB2022008743, do 14 de decembro de 2022, D. Dario Fole Rodríguez, presenta solicitude de prórroga do contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado Pavillón de Servizos” CT 41/2021 para a tempada de verán 2023.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2021, adxudicouse o contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado Pavillón de Servizo”, cunha duración de 3 meses.

Con data 1 de xullo de 2021 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo, onde se fai constar que o prazo de duración do contrato é de 3 meses a contar dende o 1 de xullo de 2021, ao non poder iniciarse a explotación o día 1 de xuño de 2021 por estarse realizando reparacións no Pavillón de Servizos polos servizos municipais. Non obstante poderá prorrogarse durante o mes de outubro de 2021, sempre que se conte coa conformidade do concesionario.

O Art. 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñe ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, dispón que:

“O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 e 207 da presente Lei”. O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe a licitación na súa cláusula IV sinala o prazo de duración do contrato. “O contrato outorgarase pola tempada de verán (1 xuño ao 30 de setembro). O prazo de duración poderá ser obxecto de prórroga, sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas) poida superar o prazo de 4 anos (4 tempadas de verán)”. En atención ó exposto, e visto o informe do Negociado de Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prórroga solicitada, polo período dende o 1 de xuño de 2023 ata o 30 de setembro de 2023 (Tempada de verán 2023), sendo posible a prórroga por unha tempada máis.

PRP2023/0033

O Concello de Vilagarcía asinou un convenio coa Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa en virtude do que esta autoriza ao Concello a utilización da parcela da antiga comandancia, así como a demolición das edificacións existentes na mesma para que, posteriormente, o Servizo Galego de Saúde edifique un novo centro de Saúde. A tal efecto, o Sergas e o Concello asinaron o correspondente convenio para a construción do novo centro de Saúde, dispoñéndose no mesmo que o Concello asumirá os gastos de derribo do actual edificio.

É polo tanto necesario a demolición do edificio da antiga Comandancia da Mariña para poder construír o novo centro de Saúde.

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado, para adxudicar o contrato de obras denominado “Demolición edificación Avda. da Mariña 15 (Comandancia) cun orzamento de licitación que ascende a 249.691,44 € (IVE engadido).

Vista a proposta da Concellería de urbanismo e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de execución material e Coordinación de seguridade e saúde da obra de demolición de edificación en Avda. da Mariña, 15 (antiga Comandancia)” ao Arquitecto Técnico don José Manuel Millán Armas (36095934X), por importe de 5.000,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.050,00 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 6.050,00 €, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 150.640.

PRP2023/0043

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 3 de agosto de 2020, aprobou o proxecto de “Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A”, redactado polo estudo de arquitectura MC, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 488.766,03€

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2021 adxudicouse o contrato denominado “Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A”, a mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L., por importe de 306.993,54 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 64.468,64 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 371.462,18€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de novembro de 2021, aprobouse a modificación nº 1 do proxecto de referencia, que a prezos de adxudicación, ascende a 368.747,59€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 77.437,00€, o que supón un importe de 446.184,59€ (IVE incluído), é dicir, un incremento de 74.722,41€, sobre o importe de adxudicación (IVE incluído).

Preséntase neste momento proxecto modificado nº 2, por importe de 461.246,66€ (IVE incluído),

o que supón un incremento de 15.062,06€ (3,38%).

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 31 de outubro de 2022, autorizouse a redacción do proxecto modificado nº 2, previa solicitude do director de obra don Alexandre Mouriño Fernández.

O artigo 206 do citado texto legal, fixa que nos supostos de modificación do contrato recolleitos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente unha alteración que na súa contía non excede do 20% do prezo inicial do contrato (IVE excluído). No suposto de non ser obrigatoria a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato en caso contrario.

Consta no expediente conformidade do contratista, Movimiento de Aridos y Construcciones de Arousa, S.L., co modificado nº 2 proposto, número de rexistro WEB2023000165.

O Sr. Arquitecto municipal emitiu informe técnico favorable con data 17 de novembro de 2022, no que indica que as novas actuacións propostas e o novo orzamento están dentro das marxes admitidas polo artigo 205 da vixente LCSP.

Consta, así mesmo, no expediente resolución da directora de Augas de Galicia, de data 15 de decembro de 2022, onde se autorizan as obras incluídas no modificado.

Dáse conta de informe favorable da Secretaria Xeral en base ao indicado polo arquitecto municipal no seu informe de supervisión e na memoria xustificativa do contrato modificado exposto.

O prezo de contrata do proxecto modificado (aplicando o coeficiente de baixa de adxudicación) ascende a 461.246,66€ (IVE incluído)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación nº 2 do proxecto de "Rede de vías ciclistas de Vilagarcía de Arousa: Fase II A", redactado polo Director de Obra don Alexandre Mouriño Fernández, polo importe indicado 15.062,06€, con cargo á partida 134.6290017.

De acordo con o establecido no artigo 109.3 da LCSP procede o reaxuste da garantía depositada polo adxudicatario do contrato, na contía correspondente ao 5% do aumento producido como consecuencia do modificado, (IVE excluído).

PRP2023/0091

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 600 paquetes de papel DIN-A4 de 80 gr, para os Servizos do Concello, por un importe total de 2.896,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:50 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.